

## **DECÁLOGO DE PROPOSTAS ÁS ELECCIÓN EUROPEAS DO 25M**

1. Que o Parlamento Europeo asuma **como política transversal e como prioridade, o obxectivo de redución da pobreza** integración social e laboral dos grupos en risco de exclusión (incluídas as persoas con discapacidade) e de que as políticas económicas non xeren pobreza e máis desigualdade.
2. Que se estableza **unha comisión do Parlamento Europeo que faga transversal (mainstreaming) e comprobe (screening) as propostas de lexislación europea**, para que respondan aos devanditos obxectivos de redución da pobreza e que non admita accións que puidesen poñer en perigo os Dereitos Fundamentais.
3. Que se **revisen e amplíen as Directivas contra a Discriminación** de 2000 e 2001 e se implanten de xeito efectivo e transversal e todas as políticas da UE as Convencións das Nacións Unidas nese eido, en particular a referida aos Dereitos das Persoas con Discapacidade. A estes efectos, que se adopte dunha vez por todas unha Acta europea de Accesibilidade ambiciosa que abrangue o deselo para todas as persoas e a accesibilidade da contorna construída, os bens e os servizos.
4. Que a Recomendación sobre Inclusión Activa se materialice en Directivas vinculantes para os Estados membro. É especialmente necesaria unha **Directiva sobre Rendas Mínimas** que permitan un nivel de vida digno.
5. Que se aprobe unha **Directiva que estableza prestacións económicas por fillo/a menor de idade, de carácter universal**, en todos os Estados membro, a fin de reducir a pobreza infantil.
6. Que se aprobe unha **Directiva sobre imposición ás transaccións financeira na Unión Europea**, cuxos ingresos revirtan nunha dotación de fondos para favorecer a cohesión social e cumprir coa meta de redución da pobreza na EU2020.
7. Que o Parlamento Europeo aposte pola **loita contra a pobreza enerxética**, establecendo mecanismos de control para que as empresas operadoras de servizos públicos esenciais (electricidade, gas, auga, telefonía) non apliquen tarifas que impidan o acceso ás familias con baixos ingresos.
8. Que se recoñezan os servizos sociais e sanitarios de interese xeral como unha das principais características do modelo social europeo e que se asegure o seu financiamento, dentro do Semestre Europeo. É prioritaria a **adopción dos estatutos da fundación, asociación e mutualidade europeas para que o Terceiro Sector poda continuar operando en igualdade de condicións con outros actores económicos**.

9. Que o Parlamento Europeo **manteña unha audiencia coas persoas en risco de exclusión**, polo menos unha vez ao ano, e estableza unha axenda de traballo compartida.
10. Que o Parlamento e a Comisión **establezan mecanismos de publicidade e para render contas** sobre a lexislación europea, de xeito que non sexa posible adoptar decisións que afectan a toda a poboación europea, sen ter explicado de xeito público e claro o alcance das medidas a adoptar.

### ***PROPOSTAS DENDE GALICIA ÁS ELECCIÓNS EUROPEAS DO 25M***

- A. **Destinar un mínimo do 20% do recibido dende o Fondo Social Europeo (FSE) a programas de loita conta a pobreza e exclusión social.**
- B. **Destinar un mínimo do 10% dos fondos do FEDER (Fondo Europeo Desenvolvemento Rexional) e FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural) a programas de inclusión social activa, accesibilidade e loita contra a pobreza e a desigualdade, especialmente no eido rural, tal e como establece a normativa dos propios Fondos.**
- C. **Transparencia exhaustiva e participación democrática na planificación e xestión dos Fondos Estruturais.** Cumprimento do Regulamento UE 240/2014 sobre Código de Conduta Europeo coa participación de EAPN Galicia no Comité de Seguimento dos FFEE.